

GUÍA SAMAÍN 2025

**BIBLIOTECA PROVINCIAL DEPUTACIÓN
DA CORUÑA**
Riego de Agua, 37
15001 A Coruña

Teléfono Xuvenil : 981 415 171

Web: <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>

Correo: bibloteca.infantilxjuvenil@dacoruna.gal



BIBLIOTECA XUVENIL

VERDES (9 A 11 ANOS)

A noite de Samaín. Pepe Carreiro.



Segundo a tradición celta, o ano se parte en dúas estacións: verán e inverno. É o paso dunha estación a outra exactamente na noite que vai do último día de Outono ao primeiro de Santos. A noite de Samaín e ademais de separar o ano, confunde o mundo do máis aló co noso mundo terreal. E iso se xa é outra historia.

Sinatura: C CAR noi / v

Mortiña: o amigo pantasma. Barbara Cantini.



Quen e o misterioso neno pantasma que desde hai días intenta entrar en Vila Decadente? Mortiña está desexando sabelo, pero o espectro non lembra nada... E xusto agora na vila están a punto de celebrar a festa de Aninovo Defuntiño. Mortiña busca calquera pista que poida axudar a descubrir de onde ven o novo e pálido amigo: unha divertida pescuda que lle porá o corazón a cen por hora.

Sinatura: C CAN mor/ v

Escarlatina, a cociñeira defunta. Leticia Costa.



Como Román Casas quería ser un auténtico chef, pediulle aos pais un curso de cociña para o seu décimo aniversario, que coincide co Día de Defuntos, a festa dos mortos. Nese día tan especial recibiu un megasusto: un cadaleito acompañado dun sobre onde viñan as instrucións para activar a Escarlatina, unha cociñeira falecida.

Sinatura: N COS esc / v

Ensalada de bruxas. Rosa Serrano.



Para saberes de bruxas, nada mellor que esta ensalada con forma de libro. Unha pinga de aceite, un pouco de sal -o vinagre xa o poñen as propias bruxas- e listo para ser servido. Saboroso, xa o verás, moi saboroso.

Sinatura: N SER ens / v


Miedos de medio minuto. Edición de Susan Rich.



Canto medo podes pasar en trinta segundos? Mergúllache nas historias breves máis terroríficas escritas por 75 autores diferentes. Imprescindible para os que gozan pasando medo.

Sinatura: N MIE /v

La noche de Halloween. Gemma Lienas.




Carlota e a tribo asisten aos aniversarios unha compañeira de clase, e descubren que ten un mono de cor rosa e **reluciente**! Será pintado? Será real? A tribo decide investigar e a procura do material **reluciente** fai que acaben no cemiterio precisamente na noite de Halloween! Como puideron meterse neste envurullo?

Sinatura: N TRI /v

AMARELOS (12 A 14 ANOS)


Historias de noche. J. A. White.



Déixache atrapar por unha fascinante historia chea de historias Sabes que as cousas non poden ir a peor se unha escapada nocturna acaba contigo encerrado no piso dunha bruxa. E dásche conta do equivocado que estabas e de que todo pode empeorar cando te espertas e ves que, o que crías soñar, non era, nin de lonxe, un pesadelo.

Sinatura: N WHI his/ a


Non cantan paxaros neste bosque/ Carlos Negro.



Colle unha manta, prende unha luz suave, ponte a gusto no teu sofá preferido. É a hora de experimentar o pracer nada culpable do medo. Porque neste bosque de relatos os paxaros non cantan. E o misterio segue aí, a agardar por nós, como unha pantasma familiar, como un desasosiego que nos leva de viaxe ao territorio do alén.

Sinatura: N 869.9 NEG non / a

Caroline. Neil Gaiman.



Ao día seguinte de mudarse de casa, **Coraline** explora as catorce portas do seu novo fogar. Trece pódense abrir con normalidade, pero a décimo cuarta está pechada. Cando por fin consegue abríla, **Coraline** atópase cun pasadizo secreto que a conduce a outra casa tan parecida á súa que resulta arrepianete.

Sinatura: N GAI cor / a

Noite de voraces sombras. Agustín Fernández Paz.



Sara, unha moza de dezaseis anos, narra de forma apaixonada os acontecementos que durante unhas vacacións de verán na casa da avoa foron un auténtico terremoto na súa vida e lle axudarán, dende entón, a enfrontala dunha forma distinta. No cuarto que ocupa sentirá o inquietante desacougo dunha presenza fantasmal.

Sinatura: N 969.9 FER noi / a

La pata de Monkey . Paloma González Rubio.



Elsa acaba de mudarse cos seus pais para rexentar un hotel nun pobo illado. O seu novo fogar, segundo descubren moi pronto, é un lugar misterioso e con veciños bastante singulares. Hai alguén... ou algo na bufarda que non lles permite o paso. E ruídos estraños. E cadros que cambian...

Sinatura: N GON pat / a

MORADOS (15 A 17 ANOS)


As mans do medo. Xoxé Miranda.



Desde o primeiro día que puxo os pés na casa da praia comezaron a sucederlle dúas cousas que, aparentemente, parecían non estar relacionadas: empezou a proerlle, arderlle a man esquerda e comezou a pensar compulsivamente en cambiar de lugar o pozo negro.

Sinatura: N 869.9 MIR man / m

La hija de la noche. Laura Gallego.



A tranquilidade do pequeno pobo francés de **Beaufort** vese alterada por un feito que parece carecer dunha explicación razoable: o granxeiro **Henri Morillon** atopou morta unha das súas vacas en estrañas circunstancias. Algúns habitantes do pobo, como o mozo **Jerôme**, cren que a mansión de **Grisard** garda certa relación co suceso.

Sinatura: N GAL hij / m

La corte de las tinieblas. Victor Dixon.



Ano 1715. O Rey Sol mutouse en **vampiro** e, desta forma, converteuse no Rey das Tebras. Desde entón, estivo reinando como un **ditador** absoluto sobre **Vampyria**.

Sobre a poboación impóñense unha serie de leis que fan que esta viva nun terror perpetuo.

Sinatura: N VAM / m